



CIRCULAR INTERPRETATIVA

N/REF: CI/001/2023

DATA: 17 de marzo 2023

ASUNTO: Criterio interpretativo sobre diversas cuestións da RESOLUCIÓN do 26 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2023, en réxime de concorrencia competitiva, as axudas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (código de procedemento IN500A).

Antecedentes

O presente criterio adoptase á vista das dúbidas xurdidas que están chegando á Axencia Galega da Industria Forestal en relación coa Resolución do 26 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2023, en réxime de concorrencia competitiva, as axudas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais.

Marco legal

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, no seu artigo 30.1.f), atribúe aos directores xerais a función de *"ditar ou propoñer á persoa titular da consellería, segundo proceda, as resolucións en materia da competencia do seu centro directivo"*.

O artigo 16.3.h) dos Estatutos da Axencia Galega da Industria Forestal aprobados por Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos, contempla como función do director da Axencia *"ditar, impulsar, coordinar e inspeccionar as áreas, os servizos e as unidades adscritas á Axencia e ditare as instrucións e circulares relativas ao seu funcionamento"*.

Na súa virtude, esta Dirección adopta os seguintes





Criterios Interpretativos

Cabezais cortadores

- I. No artigo 6. Baremación dos investimentos, a) Puntos segundo o obxecto de investimento, recóllese "9º. Cabezais cortadores".
- II. Considerase incluído, dentro da definición "Cabezais cortadores", aqueles cabezais de procesado que inclúan elementos de corte.

Santiago de Compostela, na data que figura na sinatura dixital

O director da Axencia Galega da Industria Forestal

Jacobo Aboal Viñas

